

# BAOBAB TEATRO

## Puño, Puñete


### A COMPAÑÍA

*Premio: Mellor Espectáculo Infantil na XVIII Feira de Teatro de Castela e León con "Luppo".*

Baobab Teatro é unha compañía pontevedresa que aposta polo teatro infantil de calidade. Formada por Óscar Ferreira e Andrea Bayer, traballan cun compromiso claro coa infancia. Óscar Ferreira conta cunha amplísima experiencia como titiriteiro, construtor de monicreques e escenografías. Participou en espectáculos teatrais como *Que medo, que medo, Golulá* ou *Babiliglub*, ou en programas de televisión: *Luar, Nika, Cousiñas, Os Bolechas...* Andrea Bayer dirixiu e interpretou espectáculos como *Golulá* (Premio ao mellor espectáculo infantil na X Feria de Ciudad Rodrigo, Premio ao espectáculo máis innovador na XXIV Mostra de Teatro de Ribadavia, Espectáculo mellor valorado polo público infantil na IX edición da Programación de Domingos do Principal 2008), *Babiliglub* (Fetén 2008) ou *Rosalía, a pulga que escribía. C'Ó lobo e a lúa* acadou o XI Barriga Verde para textos teatrais para monicreques na categoría de infantil. A compañía volveu acadar o Premio ao Mellor Espectáculo Infantil en Ciudad Rodrigo no 2015, e o espectáculo non parou de xirar polas programacións escolares e familiares máis importantes da Península.

### O ESPECTÁCULO

*Puño, Puñete* é un espectáculo de música en directo, cantigas, contos e tradición oral e así, partindo de "- Puño, Puñete, que tes por dentro? - Pan e fermento! - Puño, Puñete, que tes por fóra? - Pan e cebola!", Baobab convida aos cativos/as cos seus papás e mamás a descubrir un mundo de sensacións e emocións. O espectáculo está pensado para os máis pequenos/as, e apoiado cun disco. Dende Baobab Teatro cremos na palabra, na música e as cantigas como medio de comunicación dende que nacemos, dende o berce.



### FICHA ARTÍSTICA

Elenco: Andrea Bayer e Xosé Manuel Esperante

Dirección: Óscar Ferreira

Xéneros: narración oral, música

Duración: 35 minutos

Público: bebés

[+ info](#) [▶ ver vídeo](#)